



OS RUSOS OCULTARON OS RESTOS DE HITLER:

O 30 de abril de 1945, Hitler matouse cun tiro na cabeza, e a súa muller suicidouse utilizando un potente veneno. Os oficiais que quedaban no búnker da antiga Chancelaría de Berlín decidiron subir os cadáveres ó xardín e queimalos. Tras uns días de busca, o 5 de maio, os oficiais soviéticos atoparon os restos carbonizados do ditador nazi. Stalin ordenou trasladar os despoños humanos fóra de Berlín e organizou unha "campanha de desinformación" para facer crer ós occidentais que Hitler podía ter escapado de Alemaña.

En 1970, o Kremlin decidiu desfacerse, por fin, dos restos no máis absoluto silencio. As mandíbulas do ditador

permaneceron retidas polo SMERSH (organización de contraespionaxe adscrita ás unidades e formacións do Exército Vermello), mentres no NKVD (policía secreta soviética) encargábase de conservar o cranio.

Recentemente, as dúas pezas óseas foron descubertas nos antigos arquivos soviéticos. Dise que o que quedaba do corpo, escondido baixo algunha praza de armas do Exército Soviético en Magdeburgo, foi esfumado e incinerado nunha noite. A cinza tirouse á rede de sumidoiros da cidade.

En maio de 2002, unha exposición dos servizos secretos rusos presentou en Moscú un anaco do cranio do ditador nazi



no que se aprecia o burato de saída da bala que o matou.

Verónica Mouriño Sesto B1B



¿E isto é arte? Seguramente teredes oído ou pensado isto en máis dunha ocasión ao ver os diferentes estilos da arte que nos rodea hoxe en día. E pode ser que moitos de vós consideredes que non, e non será de estrañar, pois a min tamén me pasou durante moito tempo, ata que, grazas ás clases de debuxo do curso pasado, deime conta de que hai cousas que expresan moito

máis do que podía imaxinar. A verdade é que a min sempre me gustou o debuxo, pero nunca me centrara no que é a arte contemporánea.

¿Coñecedes a Joan Miró, por exemplo? Posiblemente a maioría dirá: "¿Quen é ese?" Pois, por se non o sabíades, é un artista español bastante famoso, e o logotipo de "La Caixa", o da estrela, está sacado dun cadro del. ¿E se virades, por exemplo, un cadro no que só hai o esquema dunha araña e unha cara mal feita sobre un fondo azul, que pensariades? Que iso faiño calquera e que non ten ningún mérito, ¿non? Pero, aínda que vos pareza mentira, non sería o mesmo, porque o artista faiño transmitindo os seus sentimentos, as súas obsesións, os seus gustos, os seus pensamentos, os seus soños, ou, quizais, un feito que marcou a súa vida. Ben sei que,

ARTE CONTEMPORÁNEA

a simple vista, non sería un gran cadro, pero niso consiste precisamente a arte contemporánea. Non se fan grandes cadros, coma na época de Velázquez, con todo tipo de detalles que, para min, non expresan nada, simplemente é unha representación dunha realidade. A arte moderna deixa a un lado os detalles, e céntrase máis en transmitir, en que cada persoa saque as súas ideas do que está a ver, e imaxine o que lle veña á cabeza. Por iso precisamente, algúns artistas contemporáneos que hoxe son considerados grandes representantes da nosa arte, nos seus tempos foron postos por tolos. E non estaban tolos, non. Simplemente estaba a nacer un novo tipo de arte, que, sen dúbida ningunha, está a marcar a historia.

Raquel Currás García. B1A